



Guía Docente				
Datos Identificativos			2023/24	
Asignatura (*)	Proxeccións de poboación		Código	615G01411
Titulación	Grao en Socioloxía			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Domínguez Rodríguez, Antía	Correo electrónico	a.drodriguez@udc.es	
Profesorado	Domínguez Rodríguez, Antía	Correo electrónico	a.drodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	As proxeccións demográficas poden tomarse como un "laboratorio" no que poden poñerse a proba hipótese de crecemento de poboacións concretas. A través desta materia o alumno aprenderá a realizar proxeccións de poboación, empregando unha metodoloxía consistente en proxectar por separado cada unha das variables que inciden no crecemento da poboación e, a continuación, aplicar os resultados desas proxeccións a unha poboación inicial, para observar os seus efectos na evolución futura do seu volume e da súa composición por sexo e idade. O obxectivo da materia é lograr que os estudantes aprendan a facer análises proyectivos, mediante o establecemento de hipóteses razoadas sobre a evolución da natalidade, a mortalidade e as migracións. Os resultados permitirán aos alumnos avaliar o alcance de cambios no comportamento demográfico da poboación así como analizar as medidas de políticas sociais que están vinculadas a estes cambios.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Relaciones entre la población, los recursos y medio ambiente en su movimiento y estructura; y el estudio de las técnicas y métodos del análisis demográfico.
A8	Análisis de las transformaciones y evolución de las sociedades contemporáneas.
A14	Capacidades en elaborar, utilizar, e interpretar indicadores sociales e instrumentos de medición social.
A17	Conocimientos y habilidades en la búsqueda de información secundaria en las diferentes fuentes (instituciones oficiales, bibliotecas, internet, etc.).
A32	Capacidades en contribuir al diseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociales.
B1	Capacidad de organización y planificación.
B2	Toma de decisiones.
B3	Capacidad de análisis y síntesis.
B5	Capacidad de gestión de la información.
B6	Comunicación oral y escrita en la lengua nativa.
B7	Conocimientos de informática relativos al ámbito de estudio.
B13	Razonamiento crítico.
B25	Capacidades para relacionar los conocimientos de la sociología y de otras disciplinas afines.
B27	Capacidades en reconocer la complejidad de los fenómenos sociales.
C3	Utilizar las herramientas básicas de las tecnologías de la información y las comunicaciones (TIC) necesarias para el ejercicio de su profesión y para el aprendizaje a lo largo de su vida.
C6	Valorar críticamente el conocimiento, la tecnología y la información disponible para resolver los problemas con los que deben enfrentarse.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Adquirir os coñecementos sobre a metodoloxía de análise proxectiva da poboación.	A4	B1 B2 B3 B5 B7	C3 C6
Coñecemento e uso de técnicas de cálculo prospectivo da poboación mediante o "método dos compoñentes".	A8 A14 A17	B1 B3 B5 B7	C3
Avaliar os efectos sobre a estrutura da poboación que ten os cambios na tendencia das variables.	A8 A14 A17	B2 B3 B5 B7 B13 B25 B27	C6
Propoñer medidas de políticas públicas encamiñadas a modificar as condicións sociais que afectan a evolución das variables demográficas.	A8 A32	B2 B3 B6 B25 B27	C6

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: INTRODUCCION	O crecemento demográfico no mundo. Perspectivas futuras de cambios nas variables demográficas que afectan o crecemento. Que é unha proxección ?Demográfica??. Utilidade, conceptos e definicións
TEMA 2: PROYECCION POR COMPOÑENTES	Concepto e pasos. Poboación de partida, valoración dos datos estatísticos de base. Establecemento dunha poboación inicial "suavizada" por sexo e idade.
TEMA 3: PROXECCIÓN DE MORTALIDADE	Análise do nivel inicial da mortalidade por sexo. Hipótese sobre a súa evolución futura e a tendencia do diferencial entre sexos. Cálculo do indicador da intensidade da mortalidade e a súa proxección por sexo para cada salto da proxección. Cálculo da estrutura por idade correspondente a cada nivel da esperanza de vida alcanzada.
TEMA 4: PROXECCIÓN DE FECUNDIDADE	Análise do nivel inicial da fecundidade. Hipótese sobre a evolución futura do nivel e da estrutura por idade da fecundidade. Cálculo do indicador da intensidade da fecundidade e a súa proxección para cada salto da proxección. Cálculo da estrutura por idade da fecundidade acorde aos niveis proxectados.
TEMA 5: PROXECCIÓN DE MIGRACIÓNS	Análise do nivel actual da migración neta e da súa estrutura por sexo e idade. Hipótese sobre a súa evolución futura. Cálculo do indicador da intensidade da migración e a súa proxección para cada salto da proxección. Proposta dunha estrutura por sexo e idade adecuada á intensidade da migración proxectada para a poboación de estudo.



TEMA 6: MATRIZ DE CALCULO	Introdución dos resultados das proxeccións de cada compoñente demográfico, nun arquivo coa matriz de cálculo para a proxección da poboación inicial. Proxección da poboación inicial, por saltos quinquenais. Obtención das poboacións por sexo e idade, os nacementos, as defuncións e os migrantes, para cada salto do período proxectado.
TEMA 7: ANÁLISE DE RESULTADOS	Elaboración de táboas e gráficos de series temporais que resuman os resultados. Elaboración de gráficos de pirámides de poboación. Avaliación do crecemento do volume e dos cambios na estrutura da poboación. Conclusións sobre a situación proxectada no primeiro escenario e dos efectos que causaría seguir a súa tendencia.
TEMA 8: PROPOSTA DUN SEGUNDO ESCENARIO	Proposta de cambios na evolución do/as variables demográficas que poidan incidir nos efectos analizados no escenario proxectado. Proposta de políticas que incidan nas tendencias das variables, encamiñadas a producir os cambios buscados. Proxección do/os indicadores de/as variables demográficas que vai modificar. Proxección da segunda fase e análise dos resultados. Comparación dos cambios con respecto ao primeiro escenario e valoración da eficacia e viabilidade da proposta.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A4 A8 A32 B7 B13 B25 B27 C3 C6	12	0	12
Lecturas	A4 B6 B13 B25 B27	0	10	10
Prácticas a través de TIC	A4 A14 A17 B1 B2 B5 B7 C3	27.5	28	55.5
Presentación oral	A14 B3 B5 B6 B13	2	2	4
Portafolios do alumno	A4 A8 A32 B3 B6 B13 B25 B27 C6	10	20	30
Atención personalizada		1	0	1
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Sesións nas que o profesorado aborda os diferentes contidos do temario, explicando as particularidades de cada parte do temario da materia.
Lecturas	Bibliografía básica recomendada. Lecturas específicas de cada tema subidas á plataforma moodle.
Prácticas a través de TIC	Acceso a Bases de Datos do INE e obtención dos datos válidos para a poboación de estudo asignada. Comprensión e automatización dos ficheiros de cálculo entregados polo profesor (software específico para proxeccións demográficas). Proxección dos indicadores de cada variable demográfica. Elaboración de táboas e gráficos que sinteticen os resultados obtidos.
Presentación oral	Presentación dos resultados e do análise da poboación asignada realizado por cada estudante



Portafolios do alumno	Conxunto dos resultados obtidos en cada práctica, referidos á poboación de estudo asignada a cada estudante. Elaboración de táboas sínteses e de gráficos de evolución. Elaboración de pirámides de poboación. Análise dos resultados. Elaboración de táboas de sínteses de resultados. Propostas alternativas e de políticas sociais. Comparación dos dous escenarios elaborados durante o curso. Conclusións da inercia demográfica da poboación de estudo, dos seus efectos e suxestión de posibles alternativas.
-----------------------	--

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Prácticas a través de TIC	Durante as prácticas cada estudante realizará a proxección dunha poboación distinta, polo que o seguimento e asesoramento será de forma individualizada. A atención personalizada incorporará ademais titorías, previa solicitude de cita por email, para solucionar dúbidas e/ou problemas que xurdan durante a realización das prácticas de laboratorio, ou da interpretación e/ou valoración dos resultados. Os estudantes con dedicación a tempo parcial deberán poñerse en contacto co profesorado para acordar as sesións de titorías necesarias para realizar os traballos da materia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Presentación oral	A14 B3 B5 B6 B13	Presentación dos exercicios feitos por cada estudante, de maneira ordenada e sintética, mostrando os diferentes cadros e gráficos creados. Discusión sobre as políticas propostas e como podrán mellorar a evolución demográfica da poboación asignada.	20
Portafolios do alumno	A4 A8 A32 B3 B6 B13 B25 B27 C6	Resultados dos exercicios practicados no laboratorio de informática cos datos da poboación de estudo asignada a cada estudante. Capacidade de análise dos resultados. De elaboración de táboas sínteses e de gráficos de evolución. E de elaboración de pirámides de poboación. Competencia para a valoración da inercia demográfica da poboación de estudo e proposta de políticas sociais que incidan nos indicadores demográficos. Competencia na elaboración, redacción e presentación dun Informe técnico final, cos resultados do traballo realizado durante o curso.	80

Observacións avaliación
Hai dous sistemas de avaliación. ALUMNADO PRESENCIAL: Os estudantes que sigan o curso de maneira presencial serán avaliados de maneira continua pola realización das prácticas e a entrega de informes. A presentación oral e o portafolio representarán o 100% da súa nota. NON ASISTENTES: Os estudantes que non asistan a clase serán avaliados mediante un exame (proba obxectiva) na data indicada pola convocatoria oficial correspondente. A nota do exame representará o 100% da súa nota. Os estudantes con dedicación a tempo parcial deberán poñerse en contacto co profesorado para acordar as sesións de titorías necesarias para realizar os traballos da materia. O portafolio entregárase en formato virtual a través da plataforma moodle.

Fontes de información



Bibliografía básica	- (). . BÁSICA.- Cabré Pla, Anna. 2007. ¿Cuatro aproximaciones explicativas a las tendencias de nupcialidad y fecundidad?, en; CABRÉ, Anna (dir.) La constitución familiar en España. Bilbao: Fundación BBVA, pp. 17-40- Izquierdo Escribano, A. (ed.), 2006. Demografía de los extranjeros: incidencia en el crecimiento de la población. Bilbao: Fundación BBVA.- Leal Maldonado, J.L. (Coord). 2004. Informe sobre la situación demográfica en España. Madrid. Ed. Fundación Fernando Abril Martorell.- Leal Maldonado, J.L. y Fernández Cordon, J.A. (Coord). 2006. Análisis territorial de la demografía española. Madrid: Fundación Fernando Abril Martorell.- Navarro, Vicenc (Coordinador). 2004. El Estado de Bienestar en España. Madrid. Ed. Tecnos.- Preston, S.H. 2000. Demography. Measuring and Modeling Population Processes. Oxford: Blackwell.- Vallin, J. 1995. La población mundial. Madrid: Alianza.. Vinuesa, J.; Zamora, F.; Génova, R.; Serrano, P.; y Recaño, J. 1994. Demografía. Análisis y Proyecciones. Madrid, Ed. Síntesis.- Vinuesa, Julio y Puga, Dolores (ed.). 2007. Técnicas y ejercicios de Demografía. Madrid. Ed. Instituto Nacional de Estadística.. VV.AA. 2001. Las claves demográficas del futuro de España. Madrid. Ed. Fundación Cánovas del Castillo. Colección VENTIUNO.. VV.AA. 2005. Revista ¿Papeles de Economía Española. Nº 104. Transformación demográfica raíces y consecuencias.. VV.AA. 2011. El futuro de la Población. Revista de Información Estadística y Cartográfica de Andalucía. Nº 1. Sevilla. Ed. Junta de Andalucía.. VV.AA. 2012. El reto demográfico de Galicia. Santiago de Compostela. Ed. Xunta de Galicia - Willekens, Frank J. 1990. "El componente de migración en los modelos multirregionales de proyección demográfica". Holanda. Ed. Netherlands Interuniversity Demographic Institute
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Teoría e historia da poboación/615G01107

Análise demográfica/615G01301

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Globalización, medio ambiente e poboación/615G01409

Socioloxía das migracións/615G01410

Materias que continúan o temario

Observacións

Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores de ambos os sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...) Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso correcto, igualitario e proveitoso á vida universitaria.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías